



**Dirección Xeral de Formación Profesional**  
**Rede de Centros Integrados de Formación Profesional**

## Instrución de traballo IT85ORI01

# Elección de delegados

Versión	Descrición	Data
01	Versión inicial	01/09/2017

## Elección de delegado/a de grupo

### Obxectivos

- Consegur que o alumnado faga con seriedade e responsabilidade a elección do delegado ou a delegada de grupo.
- Analizar de xeito realista as experiencias de cursos anteriores sobre o papel desenvolvido polos delegados e as delegadas de grupo.
- Delimitar claramente as funcións que o grupo quere que a persoa elixida leve a cabo.
- Darlle representatividade e participación ao alumnado na vida do centro, favorecendo ao seu tempo a aprendizaxe, por parte deste, de formas de convivencia.
- Potenciar actitudes positivas de colaboración e participación nos traballos de grupo.

### Funcións do/da delegado/a

- Representar os seus compañeiros e as súas compañeiras.
- Ser voceiro de problemas e inxedanzas do seu grupo ante o profesorado, a titoría, etc.
- Manter reunións periódicas co titor ou a titora para tratar os problemas do seu grupo.
- Formularlle ao profesorado as cuestións particulares de cada materia ou módulo; en caso de non existir solución, deberá comunicarllo ao titor ou á titora.
- Colaborar especialmente coa titoría no mantemento da orde e do coidado das clases.
- No caso de faltar o profesor ou a profesora, encargarse de avisar desta incidencia na conserxaría.
- En caso de non asistencia á clase do delegado ou a delegada, encargarse das funcións do subdelegado ou a subdelegada, e, no caso de que este tampouco asistira, encargarse do grupo.

### Xornada de elección de delegados/as

- O titor ou a titora comezarán a sesión lembrando os apartados anteriores.
- Dará a coñecer ao grupo as normas de elección.
  - Elección de delegados/as.
  - Regulamento.
  - Presentación de candidaturas.

### Constitución da mesa electoral

Estará composta polo titor ou a titora, que exercerá a presidencia, e por dous membros do alumnado; o máis novo deles actuará como secretario ou secretaria, e deberá redactar a acta da sesión e o outro membro como vogal.

### Persoas electoras e elixidas

Será todo o alumnado de grupo. Para estes efectos considérase como tal o conxunto de persoas que reciban ensino das materias comúns co mesmo horario e tipo de profesorado, e que estean a cargo dun profesor ou unha profesora que exerzan a titoría. Se un alumno ou unha alumna figuran en grupos distintos, só poderán participar no grupo inferior. Cada grupo elixirá un delegado ou delegada, e un subdelegado ou subdelegada. O quórum esixible será de dous terzos do alumnado.

## Votación

Será nominal e secreta. En cada papeleta figurará soamente o nome dun membro do alumnado; anularanse as papeletas que non cumpran este requisito. A presidencia chamará o alumnado por orde de lista, e cadaquén entregará a súa papeleta para que a persoa que exerza a presidencia a introduzan na urna. O alumno ou a alumna que alcance máis do cincuenta por cento dos votos (50 %) será delegado ou delegada do grupo, e quen siga en número de votos designarase como subdelegado ou subdelegada, que exercerá as funcións de delegado ou delegada nos casos de baixa ou ausencia da persoa titular. Se na primeira votación ninguén alcanza a devandita porcentaxe, celebrarase unha segunda votación entre os catro membros do alumnado que obtiveran un maior número de votos; tras esta, procederase á designación de senllos postos. En caso de empate, procederase atendendo ás seguintes prioridades:

- Maior porcentaxe de votos na primeira votación.
- Mellor expediente académico.

As reclamacións que se poidan producir faránselle chegar ao xefe ou a xefa de estudos, quen resolverá.

## Nomeamento e cese

O nomeamento de representantes será por un ano académico, e o cesamento só se poderá producir con anterioridade á finalización deste período por:

- Baixa da persoa interesada como alumno ou alumna do centro, por traslado ou por outro motivo.
- Expediente da dirección do centro, logo de audiencia á persoa interesada.
- Renuncia razoada, aceptada pola dirección do centro.
- En caso de cese, o Xefe de Estudos disporá do necesario para a elección dun novo Delegado.